

En Boiro, sendo as 10:00 horas do día 4 de maio de 2020, ten lugar a reunión da Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP) do IES Espíneira de Boiro coa seguinte orde do día:

Ausentes: Carlos Busto Lobato, Antón Castro Castro, María del Mar Domínguez Magallón, María Margarita Fernández Gómez e Alberte Pagán Vázquez

1. Aprobación, se procede, da acta anterior.
2. Adaptación programacións didácticas.
3. Rogos e preguntas.

1. Procédese á lectura e aprobación da acta da anterior sesión celebrada o 11 de marzo de 2020.

2. A directora, Mariana Domínguez, comeza aclarando unhas dúbidas que tiña algún profesor de ciclos, confirmando que as modificacións das programacións de ciclos serán realizadas polo profesor de cada módulo, como se ven facendo coas programacións na aplicación da Consellería. Con respecto ao modelo empregado, inspección confirma que as modificacións das programacións de ciclos deberán realizarse adaptando o modelo enviado por inspección mentres non estean abertas as programacións. Mariana informa de que noutros centros estanse indicando as modificacións nos seguimentos da programación coa autorización das súas correspondentes inspeccións.

Luis Besteiro, puntualiza que nos módulos de 2º, onde ao alumnado xa se lle impartiu todos os contidos non habería que modificar esa parte das programacións.

Sonia Antelo, a xefa de estudos, aclara que hai apartados que non van poder modificarse no seguimento da aplicación, como é o caso dos apartados 5. Criterios de cualificación e 6. Procedemento para a recuperación. Tamén recorda a necesidade de realizar unha programación para o alumnado de FCT que decida realizar as tarefas/proxecto relacionadas co entorno empresarial en vez de ir á empresa. Para as recuperacións dos grupos de 2º curso de ciclos habería que traballar os contidos vistos durante a 1ª e 2ª avaliación.

En canto aos cursos de ESO e Bacharelato, Mariana Domínguez explica que se enviaron 2 modelos para a realización das programacións, a primeira foi unha confeccionada polo equipo directivo e a segunda a que enviou inspección. Os xefes de departamento poderán empregar a que lles resulte máis cómoda. Será preciso manter a nota da 1ª e 2ª avaliación e todo o que se traballe durante a 3ª avaliación servirá para subir nota e nunca para baixar. Os departamentos deberán especificar de forma moi clara nas modificacións das programacións canto se poderá subir a nota polos traballos de recuperación/ampliación. As programacións serán entregadas a dirección con data límite o 12 de maio e dirección remitiraas a inspección do 13 ao 18 de maio. Unha vez se teña a aprobación de inspección serán publicadas na páxina web do centro. Mentres tanto os departamentos poderán ir adiantando a información das modificacións ao alumnado.

María Pardavila presenta unha dúbida con respecto ao apartado 2 do modelo enviado por inspección (Avaliación e cualificación). Manuel Pimentel tamén comenta se se refire á 3ª avaliación. A directora aclara que nese apartado deberase incluír todo o relativo ás 3 avaliacións (porcentaxes, pesos...) e no apartado 3 indicaranse as actividades, metodoloxía e materiais empregados durante a 3ª avaliación.

Luis Araújo tamén realiza unha consulta sobre os contidos previstos para impartir durante a 3ª avaliación. Mariana acláralle que si se poden reflexar como estándares de aprendizaxe imprescindibles pero non se pode diminuír a nota do alumno se non os acada, si se podería subir a nota se o alumnado os consegue.

A directora tamén engade que de cara aos exames de setembro só se poderán avaliar os contidos impartidos durante a 1ª e 2ª avaliacións. Isto poderase engadir no apartado de "Proba extraordinaria de setembro" e é aplicable tamén para 2º de bacharelato. É importante ir ao mínimo, ao que pode chegar o alumnado que ten as dúas avaliacións suspensas.

Paloma Ruíz pregunta se debemos engadir outra columna coas competencias. Sonia Antelo acláralle que poden poñer un comentario facendo referencia á programación inicial de curso, onde se explicaba que competencias se traballaba en cada estándar de aprendizaxe.

Ante a dúbida da profesora Ana Sequedo de se todo o alumnado dispoñe de ordenador e conexión, Mariana afirma que si e recorda aos titores que entreguen o informe solicitado de alumnado desconectado. A xefa de estudos enviará de novo a plantilla do informe aos titores que non o recibiran.

Mariana Domínguez informa que a xefa de estudos enviará un calendario coas datas máis significativas do remate de curso a todo o claustro. Tamén comenta que se está traballando nun calendario de pendentes e exames finais de ciclos e pregunta aos membros da CCP se precisan que se traballe nun calendario de pendentes para ESO e Bacharelato.

Sonia Antelo comunica que o calendario de probas finais do departamento de administrativo xa está publicado na web. Tras consultar cos xefes de departamento de pendentes de 2º de bacharelato decídese facer un calendario coas materias que realizarán exames virtuais. As materias pendentes terán que estar avaliadas o 26 de maio. Para os grupos da ESO acórdase non realizar un calendario de pendentes. As materias pendentes terán que estar avaliadas o 29 de maio. Os xefes de departamento engadirán nas modificacións da programación as datas finais de entrega de tarefas/actividades de recuperación.

Mariana Domínguez informa de que o centro comprou un dominio GSuite de Google educación para a plataforma Classroom. De cara ao curso que vén o profesorado que precise contas para os seus grupos farallo saber ao equipo directivo.

Con respecto ás instrucións do 27 de abril do 2020, a directora informa que o profesor Manuel Pimentel presentou á dirección unha proposta para o cálculo da cualificación e promoción do alumnado e de titulación baseado no número de materias aprobadas e no peso horario de cada unha delas. O equipo directivo valorou a proposta e decidiu non poñer en marcha eses criterios nin publicalos, xa que non hai ningunha orde que estableza con que número de materias pendentes pode promocionar o alumnado. O equipo directivo pensa que é unha decisión que se debe tomar en setembro e que deberá ser acordada entre o equipo docente e falada co alumno/a e coa familia. De todas formas se os membros da CCP pensan que se debería establecer ese tipo de criterios valorarase para a avaliación de setembro. O profesor Carlos Doval achega que como punto de referencia podería ser bo.

Nas instrucións tamén se indica no punto 7.6 que a repetición de curso dalgún alumno/a deberá estar solidamente argumentada e acompañada dun plan preciso de recuperación para cada alumno ou alumna. A directora informa aos membros da CCP que Manuel Pimentel tamén achegou á dirección un modelo moi elaborado de informe de avaliación para o alumnado que non promociona/titula. Dende inspección afirmaron que enviarán aos centros modelos de informe individual valorativo e do alumnado que repite. De non chegar a tempo poderanse empregar os modelos presentados por Manuel.

Paloma Ruipérez pregunta que día van a ser as avaliacións e a xefa de estudos responde que non haberá modificacións nas datas de avaliación con respecto ao calendario de inicio de curso, agás no grupo de 2º de bacharelato. Tamén comenta que despois da CCP se fará chegar aos membros do claustro o novo calendario de final de curso.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a presente reunión sendo as 10:55 horas.

A DIRECTORA
Asdo.: María Ana Domínguez Pérez

A SECRETARIA
Asdo.: Sonia Antelo Méndez